EL PAÍS
ARCHIVO
EDICIÓN IMPRESA

VIERNES, 12 de junio de 2009

ENTREVISTA:ROSA ANEIROS | ESCRITORA | LUCES

"Parece que só traballas cando estás nos medios"

ÓSCAR IGLESIAS | 12 JUN 2009

Archivado en: Narrativa Literatura Cultura

Dez anos despois de Eu de maior quero ser, o seu debú literario, Rosa Aneiros (Valdoviño, 1976) levou de vez o XXVI Premio Xerais de novela (Sol de inverno) e o Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil (Ás de bolboreta). "Coma se o premio a un traballo de anos chegase nun día", di.

A dobre gañadora vai tornando a enxurrada de epíctetos que acarrexan estes galardóns -os libros sairán en outubro-, pero moléstalle que se fale de "consagración".

Pregunta. Fálase moito dos premios, incluso de "coroación".

Resposta. De consagración, si, é como se o premio a un traballo de anos chegase nun día. Pero dáme un pouco de rabia porque eses termos acaban callando, coma se naceras onte e supetamente che premiasen dúas novelas. Vivimos nunha cultura que parece que só traballas cando estás nos medios, e xusto é ao revés.

"Se penso no tópico das 'novelas da Guerra Civil', non fago Sol de inverno"

"Chegará a haber quen non te lea por mala formación en galego"

"Con menos cabeza teríame convertido nunha gilipollas. Fancho crer"

P. Xa aclarou que non as escribiu a un tempo.

R. Non teñen nada que ver. Sol de inverno é a singradura de Inverno por regresar metaforicamente a Antes -o topónimo existe en Mazaricos-, o paraíso perdido da infancia. A loita por recuperar algo que sente que lle roubaron nun momento determinado. Ese periplo lévaa desde Barcelona a Francia e ao gran espazo que é Cuba, onde recupera a memoria dos seus antepasados e desenvolve a súa vida. Logo hai un breve momento en París, pero non vou contar o final...

P. E Ás de bolboreta?

R. Acontece nunha mañá nun café no que se van cruzando historias de personaxes. En Estambul, Bos Aires, no Monte Gurugú... Sol de inverno é un século, e isto acontece nun día. Dicíanme que era unha historia coral porque había 15 personaxes... Nunca os contei. O grao de superficialidade dos personaxes é grande, porque son trazos, quen conclúe esas historias son os lectores.

P. Canta Historia risca Sol de inverno?

R. A Guerra Civil, sobre todo en Barcelona, e o exilio. Despois, a través da memoria da súa tata, Luz Divina, e a través da historia dos seus avós, a colonia galega en Cuba antes da Revolución, e tirando máis cara atrás, as pelexas dos escravos liberados. Cóntase moito do que é Cuba, pero non tanto porque ela o viva, senón porque o recupera a través da memoria da súa tata. A Revolución tamén aparece, pero non a marca por demais, porque ela marcha en 1939. En contrapunto co seu pai, que vive todos os acontecementos históricos do século XX. Ela está obsesionada con seguir os seus pasos. É curioso, porque o personaxe do pai naceu por rebote de Resistencia, onde o protagonista, Dinís, era un ser anónimo que nunca quixo estar á fronte de nada, que se viu obrigado a ser protagonista... Este é o contrario: vello e

canso, aínda quere ir cos estudantes a París.

P. Rexeita que lla publiciten como novela histórica ou da emigración.

R. Non creo nas novelas históricas como tal cousa. Todas as historias están ambientadas nun momento e lugar determinado, como se é antonte. E hai outra cousa: cando se di que faltan historias da emigración... Creo na libertade do escritor, eu nunca me programo. Estaba presentando Resistencia e dixéronme: 'Ti detectaches que faltaba a gran novela sobre Portugal e decidiches escribila'... Non, mira, coincidiu que estaba en Portugal e que por unha equivocación acabei no Museo da Resistencia, vin unhas cartas e decidín escribir unha historia. Pero eu non son a encargada de contar ningunha historia, nin de encher baleiros. Se me deixo levar polos tópicos de que hai moitas novelas sobre a Guerra Civil, non fago Sol de inverno.

P. Que lle interesou máis á hora de recrear a guerra?

R. Mercé Rodoreda está aí polo que escribiu despois, pero fíxeno máis a partir da prensa e dos libros de historia. Para a parte de Francia, por exemplo, cando a protagonista está en Les Mages, morre Machado en Colliure. Non o metín na novela, e iso que escribín esa parte escoitando a Serrat cantar a Machado. Tamén me influíu a maneira de narrar testemuñal que podes atopar en María Teresa León, Victoria Kent, Federica Montseny ou Silvia Mistral. Cómo, a partir delas, se chega a reconstruír unha caste de testemuño colectivo. Noutras partes da novela xa inflúe máis o realismo máxico, sobre todo na da tata e na parte de Antes, onde aparece ata un home que quere aprender a voar, coas suas ás de Ícaro.

P. Que fronteira se puxo á hora de ficcionar feitos reais?

R. Unha licenza evidente é a de Carmen Muñoz, a esposa de Dieste. Non foi no Ipanema, o barco que saíu de Burdeos cara a Veracruz, no que marchou Elixio Rodríguez. Haberá historiadores que me digan 'que falcatruada', pero eu penso que non, porque se respecta o espírito de Carmen. Procuro manter a veracidade da historia e o respecto aos personaxes. O importante é que ti non te erixas como historiadora, senón como novelista.

P. Pensou en tensionar a historia do exilio no Ano Piñeiro?

R. Non quixen por unha cousa. Inverno dille ao seu pai: 'Xa non, papá, xa non'. Incluso a súa propia filla lle di 'estamos noutro momento'. 'Xa non', pero non tanto por unha identificación política, senón porque o personaxe ve que o seu pai non dá máis de si. Quíxeno facer a través dos personaxes. De Castelao, por exemplo, só aparece o enterro, como a derrota última do pai. Iso de que despois da II Guerra Mundial ían atravesar con tanques os Pirineos... É a derrota desa xeración.

P. Acórdase daquela polémica sobre o peso da literatura galega actual?

R. Parecíame ridículo. Só se falamos da LIX [literatura infantil e xuvenil] podemos darlle unha lección a calquera. Quen está á altura, e cal é a altura? Os que estamos escribindo agora podémolo facer mellor ou peor, pero aprendemos dos que escribiron antes. E as novelas non se esgotan. A esmorga pódese reivindicar coma unha obra actual. Eu só aspiro a ler cousas que me gustan na miña lingua.

P. A propósito da lingua, os seus problemas son os da literatura?

R. Son moi diferentes e moi iguais. Un dato que me choca: nunha lista dos libros máis vendidos, aparece A praia dos afogados [a novela de Domingo Villar] en galego; e en castelán, La playa de los ahogados. Iso si que nos atinxe directamente: que exista unha poboación que renuncie a ler un autor na súa lingua orixinal por unha tradución. Procuras non pensar niso, pero resulta doloroso pensar que chegue un momento no que, por todo o que está pasando, che reduzan o número de persoas ás que podes chegar. Xente que poida deixar de lerte por unha formación deficiente na nosa lingua.

P. Con dúas antoloxías de artigos literarios e co seu traballo no Consello da Cultura, nunca tivo

medo de proxectar unha imaxe demasiado institucional?

R. Eu o bo que teño é que son xornalista. Cando publiquei Resistencia, foron gabanzas por todas partes... Eu mesmo dicía que, se chego a ter menos cabeza e ser menos xornalista, poderíame ter convertido nunca auténtica gilipollas. Fancho crer, pero eu sabía que esas cousas vanse como chegan. E despois do fenómeno Rosa Aneiros, veu o fenómeno Teresa Moure... Como nunca me sentín o que se di consagrada, non houbo baleiro despois. Porque son xornalista, e sei que isto funciona así. Anxos [Sumai] e eu falámolo moitas veces: a min o que me gusta é escribir, e despois os encontros cos lectores. As presentacións mediáticas afróntoas como unha molestia necesaria.

© EDICIONES EL PAÍS, S.L.